

tella

Revista de medio ambiente do Concello de Santiago

Marzo EDEC número 2



**Santiago recupera
os seus ríos**

Sobresaliente

Do vertedoiro á planta de compostaxe:
o futuro tratamento do lixo

á participación cidadá nos programas de reciclaxe

Santiago acollerá a primeira
Casa do Medio Ambiente
de Galicia

Saneamento integral na conca do
Río Santa Lucía

O PLAN DE MODERNIZACIÓN DA ILUMINACIÓN NO RURAL PERMITE AFORRAR MÁIS DE 4207 € (700.000 PTAS) AO ANO EN CONSUMO DE ELECTRICIDADE Á VEZ QUE SE MELLORA O SERVIZO

Máis e mellor luz na zona rural

O ano pasado, a Concellaría de Medio Ambiente puxo en marcha un proxecto de mellora e aforro enerxético para a iluminación pública das zonas rurais que ten un dobre obxectivo: por un lado acadar un maior rendemento do sistema de iluminación e por outro aforrar arredor de 700.000 pesetas anuais na factura da luz. A este plan de modernización dedicáronse 119.264 € (19.844.000 ptas) e beneficiará sete zonas de Santiago: Cruxeira, Sar-Angrois, Outeiro, Bando, O Eixo e Monte do Gozo.

O sistema de iluminación nestas zonas está, polo xeral, anticuado e mal conservado. O concello substituirá as vellas lámpadas de vapor de mercurio de 80W por outras de vapor de sodio de alta presión de 70W de potencia, máis modernas e consideradas óptimas para este uso. Este cambio permite reducir a potencia empregada e, ao mesmo tempo, duplicar o rendemento lumínico. As luminarias, que ata agora eran abertas, pecharanse cun protector de policarbonato de xeito que estean máis protexidas contra a auga, a entrada de po e os actos vandálicos. Con esta protección tamén aumentará a luz producida.

Novos puntos de luz no rural

Paralelamente ao programa de aforro de enerxía, a Concellaría de Medio Ambiente desenvolveu un plan de mellora da iluminación rural con base no que se instalaron 126 novos puntos de luz no municipio. San Xoán de Fecha, A Gracia, Lamas-Carballal, Enfesta, Casal da Horta-Romaño, Grixoa, Vite, O Eixo e Porto de Medio beneficiáronse destes traballos, que foron adjudicados á empresa Daviña por un valor de 1.077.811 pesetas.



Luces sincronizadas co sol

Este plan de modernización tamén inclúe a substitución do sistema de acendido. Ata o de agora a iluminación pública do rural acendía mediante células fotoeléctricas pero eran frecuentes os erros en días de néboa ou cando estas células estaban sucias. Nestas zonas instalaranse reloxos astronómicos que sincronizarán o acendido e apagado coa hora solar, independentemente da luz ambiente que haxa en cada momento.

A CONTAMINACIÓN LUMÍNICA
PROVOCADA NAS ZONAS URBANAS SUPÓN
UN IMPORTANTE GASTO ENERXÉTICO
E IMPIDE EN GRAN MEDIDA
A CONTEMPLACIÓN DOS ASTROS

Se ben Compostela debe o seu nome ao latín "Campus Stellae", que quere dicir Campo da Estrela, e a Vía Láctea era concibida polos antigos como carreiro estelar que indicaba o camiño a Santiago, hoxe os peregrinos terían certas dificultades para atopar esta cidade de seguir as indicacións do ceo. A polución lumínica estase a converter nun problema ambiental de índole mundial debido ao incremento constante dos puntos de luz no planeta, o que supón un importante gasto enerxético (cos custos ambientais que implica a sobreproducción de enerxía) e impide, en gran medida, a contemplación dos astros, entre outros trastornos.



As farolas de globo, como as do barrio das Fontiñas serán substituídas.

Segundo diversos estudos, o exceso de iluminación implica trastornos como malgasto enerxético, fatiga, incomodidade visual, cegamento das aves nocturnas, o consabido problema de observación astronómica e nalgúns casos inseguridade vial. Un dos primeiros pasos para atallar este trastorno é a toma de conciencia cidadá e pública para limitar as emisións de luz nocturna. Isto provocará non só unha mellora nas condicións ambientais da cidade (reduce as emisións contaminantes, diminúe a xeración de enerxía e evita a alteración do ritmo biolóxico das persoas) senón un considerable aforro

enerxético, o que repercute claramente nun menor gasto público.

Por estas razóns, a Concellaría de Medio Ambiente está a transformar o sistema de iluminación pública nalgúns zonas da cidade cambiando, como é o caso do polígono das Fontiñas, un total de 270 globos por lámpadas con protectores que focalizan a emisión cara ao chan, semellantes as que xa existen no parque de Galeras e na praza de Rodrigo de Padrón. Os globos son as luminarias que máis luz desperdician, concretamente o 50% da súa capacidade para iluminar. Esta actuación, que conta cun orzamento de máis de 10.217 € (17 millóns de pesetas), inclúe a instalación das novas luminarias en zonas de tránsito peonil (que, en xeral, coinciden cos accesos ás vivendas), rotondas e zonas verdes. Isto permitirá evitar o fluxo de luz molesto cara ao interior dos edificios, un maior rendemento lumínico e cromático e, tamén, un menor consumo enerxético. Segundo

¿U-la Vía Láctea?

o estudo realizado, a Concellaría de Medio Ambiente calcula que a instalación destas luminarias propiciará un aforro de 22.915 kw/ano, e que traducidos a pesetas representan 3.005 € (medio millón de pesetas) ao ano. En Santiago existen uns 550 globos en diferentes zonas da cidade (Galeras, Pelamios, Parque da Música e avenida de Rosalía de Castro) que serán substituídos nunha segunda fase.

SABÍAS QUE ...

A Declaración universal dos dereitos das xeracións futuras da UNESCO establece que "as persoas das xeracións futuras teñen dereito a unha Terra indemne e non contaminada, incluíndo o dereito a un ceo puro".

Na cidade de Nova York debido a unha iluminación inadecuada despendíase enerxía eléctrica por valor duns 23 millóns de euros (3.800 millóns de pesetas) ao ano.

A CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DE SANTIAGO ESTÁ A CAMBIAR PARTE DO SISTEMA DE ILUMINACIÓN PÚBLICA EN ARAS DUN MAIOR AFORRO E MENOR REPERCUSIÓN AMBIENTAL

¿Qué é a contaminación lumínica?

"Dous tercios da poboación mundial e o 99% dos cidadáns da Europa Occidental e Estados Unidos continentais nunca viron un verdadeiro ceo escuro desde onde viven, a causa da contaminación luminosa. Gran parte deles non poden ver a Vía Láctea e para moitos o ceo nunca é máis escuro do que sería durante un solpor natural debido ao exceso de luz artificial que ilumina a atmosfera". Estas son algunhas das conclusións que un equipo de astrónomos estadounidenses e italianos estableceron logo de realizaren un dos primeiros estudos científicos sobre o problema da polución luminosa e faceren o Primeiro atlas mundial do brillo do ceo nocturno durante o pasado mes de agosto.

A contaminación lumínica enténdese como o brillo ou resplandor de luz no ceo nocturno producido pola reflexión e difusión de luz artificial nos gases e nas partículas do aire polo uso de luminarias inadecuadas ou excesos de iluminación.

Enderezos web de interese:

<http://www.lightpollution.it> Sitio italiano cos resultados das investigacións do grupo de científicos italoamericano que estudou no ano 2001 a contaminación lumínica no planeta. Nesta WEB podes ver o mapa mundial da contaminación lumínica.

<http://www.darksky.org> Sitio da International Dark Sky Association (IDA), asociación pioneira na loita contra a contaminación luminosa a nivel mundial

<http://www.celfosc.org> Grupo Cel Fosc (Ceo escuro, Cataluña), un dos máis activos e eficaces en España no eido ambiental.

<http://www.infoastro.com>

